ta publicación. La firma audito- ra Arthur Andersen, administradora de «The European», indicó

nistración de «The European», cuyo personal continuó trabajando sin cobrar.

# Remedios Cervantes, Ester Arroyo y Paloma Lago elegirán esta tarde en Ferrol a la Modelo Noroeste

Ferrol (Redacción). Varias modelos internacionales formarán el jurado que elegirá esta tarde a la Modelo del Noroeste 92, en el curso de un festival que se celebrará en el pabellón polideportivo de A Malata, dentro del programa de fiestas con motivo del patrono San Julián.

Se trata de Remedios Cervantes, Yolanda Gil, Mar Flores, Ester Arroyo, miss España, y Paloma Lago, que presentará el acontecimiento, y al que no faltarán, por otro lado, Chicha Solla y la conocida peletera coruñesa, Olga Ríos.

En el curso de este montaje, impulsado desde el ayuntamiento, se reunirá para esta ocasión el veterano trío ferrolano «Los Zafiros», de reconocido prestigio internacional en su momento y el ballet local Rond de Jambe.

# «Encontros na cuarta fase»

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

*Poderían pensar vostedes que vou escribir dun encontro entre terrícolas e extraterrestres, pero nada máis lonxe da miña intención. E o título que Balbín deu ó seu último programa da «Clave» de A3 en 1991. Quedeime coas declaracións de tres persoas: Guerra, Ellacuría e Mohedano. Alfonso Guerra manifestaba, no 82, que a TV ten que ser profesional, plural e democrática. Insistía en que un feixe de xornalistas cobraban do Poder e había que acabar con iso. Forte a súa declaración aínda que non tanto coma a de Kierkegaard: «estou contra a pena de morte; pero de boa gana mandaría un pelotón para executar periodistas». Ellacuría, xesuíta, asasinado no Salvador, profetizou na Clave, no 85, a súa morte á mans dos militares. Afirmou «a Igrexa é pecadora e débil. Foi cara atrás con Galileo, Freud, T. de Chardin, Marx, Descubrimento de América...» ¿diriamos que é un erro a postura de Xoán Paulo II fronte á planificación familiar? Cousteau salienta que a superpoboación é unha lacra que fai ós países pobres cada vez máis pobres, pero as solucións non deben ser autoritarias; é preciso —engade— buscar solucións que actúen sobre as causas reais: a falta de educación na muller e a non difusión de técnicas contraceptivas. Para Tamames, dentro de 60 anos seremos 10 mil millóns de habitantes na Terra, o que vai ter, en todo, unha incidencia brutal. Tamén no ano 85, Mohedano —pacifista radical daquela— dicía Non á OTAN, porque, entre outras cousas, produce control interno dos países membros, represión e impide o desenvolvemento de movementos democráticos. Falaba daquela o avogado de comisarios políticos, actitudes zafias do Poder, retroceso das liberdades públicas... Hoxe defende a OTAN, a Lei Corcuera e todo o que lle boten. Mohedano vai de arrepentido, domesticado, de estómago agradecido. Mohedano é a negación de si.*

Agencia de l
mentos.
La preocup
aumentó al
una de las en
sometido tod
tos solicitados

# El Rey desd y 1.

Granada (P
denas). El Re
carnado por el
Padial, arrojó
de la carroza e
cabagalta de
1.500 pollos y
nes que había a
dinero que le h
la venta de u
dros. Enrique
do en Granada
tía y originali
formó con los
le había dado e
to para repart
ños y compró
cuenta los pol
150 docenas d
rosas rojas y ci
tes que transpo
goneta que h
para tal fin.
Los granadi
sorprendidos p
Rey Mago qu
echar caramel
llos y jamones.
El Rey Gas
carnado en la
brada por el re
versidad de Gr
Rivas y el Rey
concejal de Izq
Rafael Pedraza
El tractor qu
la carroza de «

nportantísimo», se-
lé Tura.

**mpliación**

arte, al Museo del
án unas 500 obras,
se han definido por-
pendientes del exa-
a comisión técnica

a este traspaso, Ga-
ser consciente de los
blemas que tiene el

para ampliar el espacio del Prado, que tendrá más autonomía. El Ministerio de Cultura ha puesto a disposición del Prado el Palacio de Velázquez y sigue en estudio la posiblidad del edificio del Ministerio de Agricultura», señaló el director del museo. Asimismo, Garín informó de la necesidad de una remodelación arquitectónica del Casón del Buen Retiro, «que se empezará ahora y durará todo el 93».

sonal para que la tercera inauguración del Reina Sofía no sea un fiasco».

El portavoz «popular» dijo en un encuentro con periodistas que el traslado del emblemático cuadro picassiano «pretende enmascarar los fallos del CARS para dotar de entidad la colección permanente».

## do en
## Xunta

**despacho del com-**
**ienes expusieron al**
**bra cultural, cuyos**
**itorial, el «Proyec-**
**de la cultura galle-**
**s, al arte; cinco a la**
**ia natural.**

raga señaló tam-
Xunta seguirá con
esarrollo del «Pro-
», y apoyará en lo
mano a Hércules

r el acto, el editor,
odríguez Iglesias,
de producción de
r Pérez Negreira,
rega al presidente
de los primeros vo-
a colección, en una
cial numerada.
egados a Manuel
el número dos, ya
ción número uno se
o al Rey, quien re-
nité ejecutivo de la
fecha próxima.

# Cadernos da Escola Dramática Galega

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

*No ano 1978 nacen na Coruña as Cadernos da Escola Dramática Galega —que nunca tiveron axuda oficial e que se hoxe se seguen a publicar é gracias a unha entidade financeira galega— dedicando, o seu primeiro número, a un estudio sobre o teatro infantil galegó.*

*Nace esta colección por dous motivos básicos: para publicar autores galegos vivos (que escriban obras de teatro ou ensaios sobre o mesmo) e para recupera–los clásicos do noso teatro, como a «Mari Castaña», de Emilio Álvarez Jiménez, que estaba inédita e á que puxo un prólogo Álvarez Blázquez, ou «A casamenteira», de Bieito Fandiño, a primeira obra de teatro galego publicada (1849).*

### Autores universais

*Recuperáronse para a nosa lingua autores universais: Beckett, Brecht, Chejov... É importante lembra–los ilustradores, Luis Seoane, Isaac Díaz Pardo, Aurora Pereira, Sucasas, Perfecto Estévez...*

*Cando Francisco Pillado Mayor se embarcou na idea de crea–los Cadernos, Rafael Dieste díxolle que se tiña algún problema para atopar textos, material en xeral, podería achalos na Universidade de Cambridge, porque el tiña constatado, de cando estivera alí de lector de español, que o tiñan todo arquivado.*

*Dos Cadernos saen dous mil exemplares por número, algúns están esgotados e outros reeditados.*

*Editanse seis ó ano. Esta é a única colección de teatro que se publica en España e, desde logo, son unha referencia para as xentes do noso teatro, no momento de preparar un novo espectáculo. No ano 1989, Pillado recibe en Vigo o Premio da Crítica pola dirección dos Cadernos.*

*Nestes momentos, está na imprensa o número 89 que é unha nova tradución de Camus feita por Xosé Manuel Beiras: «Calígula».*

*Lembren que os tres últimos anos do reinado deste emperador romano foron un tecido de extravagancias e crueldades, ocasionadas pola súa teima de grandeza. Pretendía ser adorado coma un deus. Nomeou o seu cabalo cónsul e fíxoo o seu conselleiro–asesor.*

*Dedicouse a destruír todo o que o arrodeaba e chegou a afirmar que lle gustaría que o pobo romano non tivera máis ca unha soa cabeza pra poder cortala dunha tallada...*

*¿Non cren que Calígula está de actualidade no noso país?*

pactos de bala que le produjeron diferentes perforaciones intestinales, y por ello tuvo que someterse a varias intervenciones quirúrgicas.

Al lado del Papa, en el apartamento del décimo piso del Gemelli, pasaron la noche su secretario particular, Stanislao Dsziwisz, y sor Tobiana, una de las monjas polacas que se ocupan de su atención en los apartamento del Vaticano.

Fuentes no confirmadas del hospital señalaron que se da casi como segura la eventualidad de una operación quirúrgica, que podría realizarse hoy a más tardar mañana. La operación sería al colon, si bien es prematuro hablar de intervención sin conocerse los resultados de los exámenes, dijo el portavoz del Vaticano, Joaquín Navarro Valls.

Algunos diarios habían indicado que el Papa sufre una obstrucción intestinal, pero este diagnóstico fue desmentido por el profesor Manni: «su patología no puede definirse en absoluto de aguda, ni se puede hablar de obstrucción intestinal, ante la cual la operación hubiera sido indispensable e inmediata».

Papa desp nes l en el disfu sufri

El la Ig hosp res nadi testa Pedi man

# Palestina, camiño da paz

Por TAREIXA NAVAZA GONZÁLEZ

*Co triunfo do partido laborista israelí ábrese unha etapa de esperanza para os árabes que viven nos territorios ocupados por Israel. Áinda que Isaac Rabin, candidato laborista, ten sona de duro pola súa represión da Intifada —declaraba que o quebrantamento de ósos nos rapaces palestinos era máis efectivo cás detencións— agárdase moito do Meretz que conseguiu dez escanos e que vai estar no novo goberno de coalición. Mohamed Safa, membro da OLP, vive en Galicia e é autor dun clarificador libro titulado «Palestina, tierra de luz y sombra». Di Safa que o goberno israelí utilizou tódolos medios ó seu dispor, tanto políticos coma militares, para a apropiación de territorio e a creación dos chamados asentamentos. Na Cisxordania e ata 1985 apoderouse de máis do 52% da súa superficie recorrendo a métodos como a confiscación de terras ou a demolición de casas. Entre 1987 e 1989 abatéronse 1.285 casas para montar asentamentos–colonias xudeas, en territorios palestinos, previa expulsión dos seus lexítimos donos. Na actualidade hai cento corenta e nove asentamentos na beira occidental do Xordán que albergan a cento corenta e sete mil colonos e trinta e nove en Gaza con trinta mil colonos. As cidades árabes foron perdendo terreo ata o punto de non poder facer fronte ás necesidades de espacio vital. O goberno israelí constrúe modernas autoestradas que non pasan polas poboacións palestinas, chegando a impedir que estas poidan crecer. E todo isto seguido doutra política: a da confiscación das fontes de agua dos palestinos, a través de medidas de presión ós agricultores, limitando a cantidade de auga que lles está permitido extraer, vintecinco metros cúbicos ó ano, de cada pozo, fronte ós cincocentos trinta e sete dos colonos israelíes. Desde 1967 prohibiron ós habitantes palestinos cavar novos pozos. A política do goberno israelí, despois de 1984, foi a de eleva–los impostos ós palestinos dos territorios ocupados. E non facemos mención das tristes condicións sanitarias, laborais, educacionais... ¡Oxalá vaian desaparecendo as sombras para os palestinos víctimas na 1.ª e 2.ª guerras mundiais e agora, tamén, da nova orde internacional!*